

A Deputación de Lugo acolle hoxe a décima Xornada de Literatura de Tradición Oral

R.L.

LUGO. A Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organiza a décima edición desta iniciativa, que se desenvolverá hoxe desde las 10.30 no salón de actos da Deputación Provincial de Lugo, coordinadas por Antonio Reigosa, vogal de Literatura de Tradición Oral da

AELG, e Isidro Novo, vogal por Lugo. A entrada é libre até completar aforo. A Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo segue mantendo co seu apoio a celebración da xornada.

«Somos singulares porque cadaquén temos reservado en exclusiva un nome e uns apelidos; sabemos onde andamos e vivimos, o lugar que ocupamos no universo,

porque pisamos territorios nomeados. Relacionámonos case exclusivamente con palabras que son consecuencia de ideas, pensamentos e accións verbalizábeis».

Esta é a premisa dunha programación que contará coa participación de expertos como Xulia Marqués, Conzalo Navaza, Rosario Soto e Xesús Antón, amais dos anteditos Reigosa e Novo.